

# FRAGMENTOS DE “GLOSA DO TEATRO GALEGO”

Diversos estudos coinciden en sinalar, entre outros, como males do teatro galego, os seguintes:

- a) A auséncia dunha estrutura profisional que permita un traballo coerente e socialmente rentábel.
- b) A carencia de escolas e centros dramáticos onde se formen actores e técnicos.
- c) A insuficiencia material e técnica da rede de locais usados para as representacións.
- d) A case absoluta auséncia de apoio económico ao teatro galego de toda caste de organismos e entidades.
- e) O pouco interese prestado polas nosas editoriais á literatura dramática de todos os tempos.

E disto, precisamente, da necesidade de fomentar a literatura dramática, potenciando ou apoiando a publicación de textos teóricos ou de creación, é do que quero falar agora.

E xa para rematar, quixera facer unha mención á situación editorial, referente, por suposto, ao teatro.

O panorama é certamente desolador xustamente por falta de criterios metodoloxicos.

- Falta a revisión do que poderíamos chamar textos clásicos da nosa dramaturxia. Penso, por exemplo, en Galo Salinas, Cuveiro Piñol, Lugris Freire, Comellas Coimbra, Vilar Ponte, Xaime Quintanilla, San Luís Romero e mesmo Leandro Carré.
- Falta o estudo e posterior espallamento de documentos de obrigada referencia para o estudo do teatro galego, como poden ser a *MEMORIA*, de Galo Salinas e OS APONTAMENTOS, de Leandro Carré Alvarellos.
- Falta ainda, unha elaboración e clasificación dos documentos relacionados co *Conservatório Nazonal de Declamación* e más da primeira *Escola Dramática Galega*.
- Non está estudiado, tampouco, suficientemente o teatro galego na emigración e no exilio. Nalguns centros galegos, como nos de Barcelona e Xinebra, houbo unha actividade teatral certamente importante. En Suiza, por exemplo, estrenaron-se algunas peciñas de Xenaro Mariñas del Valle.
- Falta a publicación de traducións de textos dramáticos de importancia ou significado universal, que posibiliten a leitura no noso idioma de autores como Brecht, Ionesco, Miller, Artaud, Sartre ou Ghelderode, sen ter que recorrer a versións castelás, case sempre de pouca fiabilidade.
- Faltan, por supuesto, traballos de tipo teórico, técnico, reportaxes ou enquisas referidas aos problemas máis actuais do noso teatro, como poden ser a itinerancia, o espacio escénico, etcétera.
- E faltan, por último, editoriais que absorban a producción dos autores más novos.

Aspirar a cobrir estas necesidades non é certamente unha utopía (reproche que se nos fai a cotío á xente relacionada co teatro), nem semella empresa irrealizable.

Agora ben, poden as editoriais asumir esta responsabilidade? Entendo que non.

**FRANCISCO PILLADO MAYOR (A Coruña, 1941). Mora na mesma.**

*Profesor de E.X.B. Promotor de teatro (Escola Dramática Galega; e os seus Cadernos, Teatro Luís Seoane).*

*Tradutor do francés.*

*Ensaio: O teatro galego (con Manuel Lourenzo)*

*Antólogo: Antoloxía do teatro galego (co mesmo)*

*Textos vários para o ensino (colectivos).*